

Convocatoria: Data DOG: 13/03/2020 - Servizo: S
Corpo: 590 - Profesores de ensino secundario
Especialidade: 119 - Procesos e medios de comunicación
Tribunal: 1

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRIMEIRA PROBA

DATA PUBLICACIÓN: [15/06/2021]

Ademais do disposto na convocatoria, consideraranse os seguintes criterios de avaliación:

Avaliaranse os coñecementos específicos, científicos e técnicos propios da especialidade docente.

Avaliarase a coherencia e claridade expositiva, oral e escrita.

As probas poderán realizarse en galego ou castelá.

Primeira proba. Parte A.

Proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios e supostos por escrito. O persoal aspirante:

-Resolve as probas de acordo cos seus enunciados de xeito completo, correcto, exacto e xustificado, tanto desde o punto de vista

técnico e científico, como didáctico, amosando os coñecementos específicos, técnicos e científicos actualizados, así como as

capacidades de tipo instrumental necesarias. Non serán tidos en conta os resultados non xustificadas.

Emprega con corrección das técnicas, a notación e o vocabulario específico desta disciplina.

-Elabora a resposta dos exercicios ben formulada, organizada, totalmente desenvolvida e con claridade.

-Presenta a resposta dos exercicios e supostos con pulcritude e cunha axeitada expresión escrita.

Primeira proba. Parte B.

Desenvolvemento por escrito dun tema elixido de entre cinco do temario oficial, extraídos ao chou polo tribunal. O persoal aspirante:

-Estrutura o tema cunha correcta organización dos contidos, de forma lexible, con pulcritude e con corrección gramatical e ortográfica.